

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061, PARA A FORMACIÓN E HABILITACIÓN DO PROFESORADO NO MARCO DO PROGRAMA "RCP NA AULA" EN GALICIA.

En Santiago de Compostela, na data sinalada na firma electrónica deste documento

REUNIDOS

Dunha parte, D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e no decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Da outra, D. JULIO GARCÍA COMESAÑA, presidente del Servicio Galego de Saúde, na súa condición de presidente do Padroado da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061, de acordo co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servicio Galego de Saúde e no artigo 13 a) dos estatutos da fundación, aprobados por Decreto 276/2001, do 27 de setembro, e de conformidade coo establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ambos os dous interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

1. Que a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia–061 (en diante, FPUSG–061), entidade con personalidade xurídica propia, é o referente na atención ás urxencias e emerxencias sanitarias prehospitalarias con compromisos para a mellora continua dos servizos ofertados.
2. Que a FPUSG–061 organiza e imparte, entre outros moitos contidos docentes, cursos de formación para a utilización e manexo de desfibriladores externos semiautomáticos (en diante DESA) por persoal non médico, conforme o establecido no Decreto 38/2017, do 23 de marzo, que regula esta formación, co fin de garantir unha atención integral e de calidade, e de mellorar a seguridade do paciente.
3. Que a Consellería é consciente da necesidade de potenciar a formación do profesorado, en particular en materia sanitaria.
4. Que desde o ano 2009 a FPUSG-061 desenvolveu na provincia de Lugo como unha experiencia piloto, o programa RCP na Aula, que integra a formación do profesorado de educación física impartíndolle formación en Soporte Vital Básico e DESA, para que posteriormente, como monitor, este profesorado, forme ao alumnado de ensino secundario obrigatorio (ESO) en soporte vital básico (en diante, SVB). Despois, e dado o elevado interese polo programa, asinouse un convenio de colaboración entre a consellería competente en materia de educación e a FPUSG-061, para a implantación do programa RCP na Aula en todas as provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.
5. Que o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia inclúen o ensino de Primeiros Auxilios (PPAA).
6. Que o día 17 de setembro de 2012, a FPUSG–061 definiu o Plan integral de atención á morte súbita en Galicia, que recollía nas liñas estratéxicas de actuación,



no apartado formación, entre outras actividades, potenciar a difusión da importancia do recoñecemento precoz dos síntomas e activación efectiva da FPUSG-061, facilitando a accesibilidade á formación en SVB e SVB-DESA para o uso do desfibrilador externo semiautomático, e estender a experiencia do programa RCP na Aula a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

7. Que a Consellería e a FPUSG-061 seguen a considerar que a formación da cidadanía en idade escolar nestes contidos é, como recomendan as sociedades científicas e as guías internacionais da atención ás emerxencias, unha das estratexias máis efectivas para mellorar o prognóstico da morte súbita.

8. Que o programa RCP na aula é unha actividade pioneira en España, deseñado e implantado na comunidade galega polas Consellerías de Sanidade e Educación co obxectivo primordial de que todo o alumnado galego remate a ESO recoñecendo as situacións de risco vital, a necesidade de activar o número de emerxencias e realizando as labores de RCP ata a chegada dos servizos sanitarios, así como administrar os PPAA nas situacións que así o requiran. Desta maneira refórzanse os primeiros chanzos da cadea de supervivencia contribuíndo a unha maior posibilidade de recuperación e diminuíndo as secuelas.

En consecuencia, as dúas entidades, de conformidade co exposto, formalizan este convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira

Este convenio ten por obxecto a colaboración entre a FPUSG-061 e a consellería, para habilitar na Comunidade Autónoma de Galicia o profesorado dos centros dependentes da consellería, como monitores de SVB, así como provedores do título de DESA.



Segunda

A consellería planificará e realizará, conxuntamente coa FPUSG-061 a oferta da formación inicial e reciclaxes de monitores de SVB e provedores DESA dentro das posibilidades mediante itinerarios complementarios. No caso da formación SVB-DESA terá prioridade, o persoal docente dos centros onde exista ou se teña planificado implantar un DESA. Esta oferta formativa realizarase a través das estruturas de formación do profesorado tendo en conta a dispoñibilidade dos docentes da FPUSG-061.

Terceira

A formación directa ao profesorado e a elaboración de materiais didácticos e documentais correspóndenlle á FPUSG-061 baixo a coordinación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade que organizará a formación no marco das actividades do Plan Anual de Formación do profesorado. A retribución aos docentes da FPUSG-061 que impartan a formación relacionada con este convenio será sufragada pola Consellería de Educación.

Cuarta

A formación de profesorado como docentes de actividades de RCP na aula, fixarase nunha acción formativa de 8 horas distribuídas nunha soa sesión ou en dúas, das que 2 horas serán de traballo persoal dos docentes (tales como lectura de material formativo e práctica individual). Os contidos veñen especificados no Anexo I (Modelo certificado Monitor SVB e Provedor DESA). O curso DESA ao amparo do Decreto 38/2017 se fixa en cinco horas de duración ás que se lle engadirá unha hora de natureza teórica dirixida a ensinar ao profesorado a manexar os manequíns con sistemas de control de calidade da reanimación e o software asociado, cun rateo de alumnado dun máximo de 8 por docente.



Quinta

Para os cursos impartidos como monitores de SVB e provedor DESA por parte da FPUSG-061, a Consellería competente en materia de Educación comprométese a ter o material mínimo para a formación DESA por cada grupo de 8 alumnos por docente de acordo coas pautas marcadas pola FPUSG-061, quen poderá achegar tamén material formativo.

Sexta

Rematada a actividade formativa, a FPUSG-061 expedirá a titulación oficial de Monitores de SVB e provedores DESA nun mesmo certificado, e aquel persoal docente que non supere a habilitación poderá matricularse na seguinte convocatoria.

Sétima

A emisión de certificados de Monitor de SVB e provedor DESA para os docentes que forman parte do programa RCP na Aula ou comecen no futuro, será xestionada por parte da FPUSG-061 podendo facer uso de medios telemáticos para a súa distribución. Pola súa banda, o profesorado recibirá a correspondente certificación pola superación da actividade de formación do profesorado.

Oitava

A emisión de certificados de SVB para o alumnado da ESO que forma parte do programa RCP na Aula será realizada pola FPUSG-061, para o cal os responsables destas actividades deberán remitir unha acta oficial (Anexo III) cos datos de identificación dos asistentes, así como o centro e o ano académico que cursan. Deben remitir a Acta de Formación cuberta en arquivo deseñado polo Centro de Formación da FPUSG-061 (Anexo III), ao servizo con competencias en materia de formación do profesorado. Posteriormente desde este servizo remitirase ao departamento de Formación da FPUSG-061 a solicitude de emisión de certificados a través do Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.



Novena

A formación do alumnado da ESO en SVB incluírá polo menos os contidos estándar dos cursos de SVB da American Heart Association ou do European Resuscitation Council, engadindo outros contidos de especial relevancia na Comunidade Autónoma de Galicia como o recoñecemento da gravidade e a activación efectiva do sistema de emerxencias, sen prexuízo doutros que se consideren de interese. En calquera caso, o contido das accións formativas será idéntico en toda a Comunidade de Galicia (Anexo IV – modelo de certificado soporte vital básico).

Décima

O profesorado formado para este proxecto deberá reciclarse cada 5 anos, período no que se revisan as normas internacionais de reanimación. Se existe algún cambio nas pautas antes dos cinco anos, que sexa fundamental para realizar RCP básico e DESA segundo as sociedades científicas internacionais, os docentes que estean impartindo formación en materia de SVB nos centros escolares dentro do Programa RCP na Aula, deberán recibir unha acción formativa por parte da FPUSG-061 para explicar os cambios pertinentes a adoptar como docentes. Esta actualización, dependendo da importancia dos cambios a introducir, poderá ser realizada na modalidade a distancia.

Décimo primeira

Se o profesorado exerce como monitor cando menos nunha acción formativa cada dous anos, deberá reciclarse unicamente cada 5 anos. No caso de non exercer como monitores de SVB impartindo a docencia ao alumnado da ESO, ao menos nunha acción formativa cada dous anos, automaticamente o monitor terá a obriga de reciclarse de acordo co previsto no Decreto 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, e se crea o seu rexistro.

Décimo segunda

Formado e acreditado o persoal docente, a consellería establecerá e coordinará de



acordo co profesorado e os responsables designados para cada ámbito de formación pola FPUSG-061, un calendario de formación do alumnado de ESO dos seus centros, de xeito que se optimice e coordine axeitadamente a cesión do material docente necesario tanto por parte da consellería como da FPUSG-061.

Décimo terceira

Tanto a Consellería de Cultura, Educación e Universidade como a FPUSG-061 aportarán material formativo en función das súas disponibilidades. Este material será xestionado en cada ámbito territorial polos centros de formación do profesorado correspondentes de acordo con protocolo deseñado ao efecto. A Consellería de Educación comprométese a ir adquirindo o material docente mínimo para os centros que se impliquen no programa RCP na Aula, podendo coordinar o uso deste para actividades docentes da FPUSG-061 ou en conxunto, a Consellería de Educación coa FPUSG-061, para realizar actividades orientadas á poboación en xeral perseguindo o coñecemento das técnicas de SVB.

Décimo cuarta

O material docente, que foi cedido sen contraprestación económica pola FPUSG-061, seguirase xestionando a través dos centros da rede de formación, e poderá ser solicitado pola FPUSG-061, para algunha actividade orientada á poboación en xeral perseguindo o coñecemento das técnicas de SVB (tipo *mass training*).

Décimo quinta

No marco deste convenio de colaboración poderán realizarse outras accións formativas dirixidas ao profesorado e alumnado para a adquisición de coñecementos e habilidades relacionadas con outros programas da FPUSG-061 como Alerta Escolar para a atención ao alumnado con patoloxías crónicas prevalentes, ou calquera outra destinada a prover primeiros auxilios e recoñecemento de situacións de risco vital que precisan dunha activación do servizo de emerxencias.



Décimo sexta

Este convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia de 4 anos, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, podendo ser prorrogado por anos naturais por acordo expreso das partes, ata un prazo máximo de catro anos, sempre que sexa manifestado con anterioridade a data de finalización, de conformidade co disposto na mencionada normativa.

Décimo Sétima

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración, as seguintes:

1. O común acordo das partes asinantes do mesmo, que se formalizará por escrito.
2. A denuncia formulada por calquera das partes por mor do incumprimento das obrigas previstas no presente convenio. A denuncia esixirá un escrito motivado dirixido á comisión mixta de seguimento, remitido con, polo menos, tres meses de antelación á finalización do período de vixencia previsto no convenio de colaboración.
3. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordar a prórroga do mesmo.
4. A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
5. A vulneración do deber de de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
6. A declaración xudicial de nulidade do convenio.

Décimo oitava

1. Para o seguimento e execución deste convenio de colaboración crearase unha



Comisión Mixta de Seguimento que será o mecanismo de seguimento, vixilancia e control dos compromisos adquiridos polos asinantes e estará composta por catro representantes, dous designados pola FPUSG-061, e dous designados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade actuando un funcionario da devandita Consellería como secretario. As persoas membros da comisión procurarán adoptar as decisións por consenso. Esgotada razoablemente a posibilidade de alcanzar o consenso entre os seus membros, os acordos adoptaranse por maioría dispoñendo o Presidente de voto de calidade, sendo este o Director/a da FPUSG-061.

2. A citada Comisión terá como funcións o impulso, seguimento, interpretación e execución do convenio; a iniciativa sobre a conveniencia ou necesidade de introducir modificacións á redacción do convenio; a resolución das incidencias ou diverxencias que puidesen xurdir na interpretación e execución do mesmo, así como aclarar as dúbidas que lle poidan consultar, analizando e formando criterio de solución para todos os aspectos e supostos que relacionados coa finalidade do convenio, déanse na práctica e non fosen previstos na súa regulación.

3. No seu funcionamento a Comisión rexerese polas disposicións aplicables aos órganos colexiados, previstas nos artigos 15 a 22 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo novena.

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración Pública Autonómica Galega poda facer públicos os datos de carácter persoal, así como calquera outra especificación que figure nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vixésima.

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas



físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, ambas as partes se comprometen a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de concluídas as relacións derivadas do presente convenio entre as partes.

Vixésimo primeira

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

As dúbidas ou controversias que xurdan entre as partes sobre os efectos, interpretación, modificación ou resolución deste convenio que non poidan resolverse na Comisión Mixta de Seguimento, serán sometidas ós tribunais competentes da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio, e a un só efecto, na data sinalada na sinatura electrónica do documento

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

O conselleiro

Román Rodríguez González

Polo Padroado da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia – 061

O Presidente

Julio García Comesaña

